



Guía Docente			
Datos Identificativos			2022/23
Asignatura (*)	Xeografía Política	Código	710G05004
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica
Idioma	Inglés		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Humanidades		
Coordinación	Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	angel.rodriguez.pallas@udc.es
Profesorado	Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	angel.rodriguez.pallas@udc.es
Web			
Descripción xeral	<p>O obxectivo deste módulo consiste en alcanzar unha comprensión práctica dos conceptos teóricos e os desafíos que sustentan o estudo da xeografía e a política.</p> <p>Este módulo busca tamén a familiarización cos temas de investigación más actuais en xeografía política e, finalmente, estar familiarizado e ter unha comprensión básica das ferramentas e os recursos utilizados para investigar estes conceptos e poder aplicar conceptos xeográficos a investigacións propias.</p>		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Potenciar a capacidade analítica para a comprensión das conexións entre territorio, política e economía nun mundo globalizado.			A1 B1 C1 A2 B3 C2 A3 B4 C3
Incentivar a capacidade crítica para a diagnose de problemas xoopolíticos e a proposta de solucións alternativas.			A5 B5 C4 A7 B6 C7
Fomentar a implicación nos problemas xoopolíticos doutras latitudes, o compromiso democrático e a cooperación solidaria.			A8 B7 C8 A10 B8 C9 A11 B9 B10 B11 B12 B13 B14

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Evolución do pensamento xeopolítico	1.1. Fundamentos da Xeografía Política 1.2. Do espazo vital á revolución global
2. Estado-Nación e outros actores internacionais	2.1. Nación, nacionalismo e xeopolítica
3. Transformacións contemporáneas no mapa político mundial	3.1. O mapa político do século XIX 3.2. O mapa político do século XX
4. Poder e economía no sistema xeopolítico mundial	4.1. Xeopolítica das grandes potencias: EEUU/Rusia
5. Estratexias de dependencia e dominación no proceso de globalización	5.1. Xeopolítica de China 5.2. Xeopolítica de América Latina



6. Xeografía da violencia	6.1. Conflitos en África 6.2. Conflitos en Oriente Medio
7. A fronteira como territorio de conflito	7.1. Conflitos herdados 7.2. Conflitos actuais

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A1 A3 A5 A7 A8 A10 A11 B6 B7 B9 B8 B10 C4 C8	20	17.5	37.5
Estudo de casos	A5 A7 A10 A11 B3 B4 B5 B7 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C7 C9	15	40	55
Traballos tutelados	A5 A7 A10 A11 B7 B1 C4	15	35	50
Proba mixta	A2 A1 A3 A5 A7 A8 A11 B3 B4 B5 B6 B1 C1 C2	2.5	0	2.5
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	O estudo de casos sobre xeografía política ten como obxectivos: incentivar os razonamentos inductivos e deductivos, establecer hipóteses, refutar paradigmas, confirmar teorías espaciais, propor solucións... Realizaranse estudos de casos relacionados co contido da materia e a presentación oral de aqueles que sinale o profesor.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. Realizaranse traballos tutelados relacionados co contido da materia e a presentación oral de aqueles que sinale o profesor.
Proba mixta	O exame escrito presencial incluirá preguntas teóricas obxectivas/subiectivas (preguntas de resposta verdadeiro-falso e/ou preguntas de respuesta si-no, e/ou preguntas de respuesta curta, e/ou preguntas de respuesta longa, e/ou preguntas sobre o analise de casos) relacionadas coa materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción



Estudo de casos	A atención personalizada está indicada como consecuencia das dificultades que poidan xurdir na comprensión dos contidos teóricos e na consecución dos obxectivos dos traballos tutelados. Tamén para resolver as dificultades das lecturas e para ampliar a bibliografía básica, co obxectivo de mellorar as destrezas específicas dentro da programación da materia.
Traballos tutelados	
Sesión maxistral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A2 A1 A3 A5 A7 A8 A11 B3 B4 B5 B6 B1 C1 C2	<p>Consistirá na realización, na data oficialmente establecida, duha proba mixta presencial sobre os contidos da materia. Valoraráse a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e, por suposto, o coñecemento dos contidos do programa.</p> <p>Criterios de avaliación: coñecemento dos contidos teóricos, capacidade para aplicar os contidos teóricos a casos prácticos, nivel de consecución das competencias incluídas no programa da materia, capacidade de análise e síntese, extensión e precisión do vocabulario, corrección estilística e gramatical.</p>	60
Estudo de casos	A5 A7 A10 A11 B3 B4 B5 B7 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C7 C9	<p>Forma parte da avaliación continua desenvolvida a través da aprendizaxe colaborativa alcanzada nas aulas e que resulta na realización de tantos estudos de casos ao longo do curso como o profesor estime oportuno.</p> <p>Cando se programen estudos de casos a realizar en grupo, establecécese un máximo de 5 estudiantes participantes por grupo.</p> <p>Cando se programen presentacións orais na aula, estas non poderán superar o máximo de 20 minutos cada caso obxecto de estudio (a criterio do profesor poderanse substituír as presentacións orais na aula pola entrega dun vídeo gravado).</p> <p>Criterios de valoración dos traballos escritos: axuste do traballo ás instruccións, calidade formal; calidade e creatividade dos contidos; amplitud e pertinencia das fontes de información utilizadas.</p> <p>Criterios de valoración das presentacións orais: axuste da presentación ás instruccións; calidade e creatividade dos contidos da presentación; amplitud e pertinencia das fontes de información.</p>	30



Traballos tutelados	A5 A7 A10 A11 B7 B1 C4	<p>Forma parte da avaliación continua desenvolvida a través da aprendizaxe colaborativa alcanzada nas aulas e que resulta na realización de tantos traballos tutelados ao longo do curso como o profesor estime oportuno.</p> <p>Cando se programen trabalhos tutelados a realizar en grupo, establecécese un máximo de 5 estudiantes participantes por grupo.</p> <p>Cando se programen presentacións orais na aula, estas non poderán superar o máximo de 20 minutos por cada trabalho tutelado (a criterio do profesor poderanse substituír as presentacións orais na aula pola entrega dun vídeo gravado).</p> <p>Criterios de valoración dos traballos escritos: axuste do trabalho ás instruccións, calidade formal; calidade e creatividade dos contidos; amplitude e pertinencia das fontes de información utilizadas.</p> <p>Criterios de valoración das presentacións orais: axuste da presentación ás instruccións; calidade e creatividade dos contidos da presentación; amplitude e pertinencia das fontes de información.</p>	10
---------------------	---------------------------	---	----

Observacións avaliación



OPCIÓN A

Alumnado con dedicación completa: asistencia/participación nas actividades de clase igual ou superior ao 80%:

Os criterios de avaliación son os mesmos para cada unha das oportunidades de avaliación incluíndo a convocatoria adiantada.

1. Cálculo da cualificación final de materia

A cualificación final da materia obterase sumando a puntuación obtida na parte práctica (mínimo a obter 2 puntos sobre un máximo de 4 puntos) + a puntuación obtida na proba mixta (mínimo a obter 3 puntos sobre un máximo de 6 puntos).

PARTE PRÁCTICA (40%: máximo 4 puntos, mínimo para superar esta parte 2 puntos).

Consistirá na realización de tantos traballos tutelados e estudos de caso como considere o profesor, con presentación oral daqueles indicados polo profesor. Para que o alumno/a poida ser avaliado na proba mixta; é necesario que a súa cualificación final da parte práctica alcance como mínimo 2 puntos (puntuación máxima desta parte 4 puntos). O non alcanzar unha nota media mínima de 2 puntos nesta parte implicará non superar a materia en 1ª oportunidade. Se o desexa, o alumno/a poderá acudir a realizar a proba mixta, aínda que esta non terá validez a efectos de avaliación ao non superar a parte práctica da materia. Ademais a cualificación obtida neste suposto non se conservaría para a segunda oportunidade). **PROBA MIXTA (60%: máximo 6 puntos, mínimo para superar esta parte 3 puntos).**

Exame escrito presencial (tipo proba mixta) sobre os contidos da materia. Para que a cualificación obtida na proba mixta sexa tida en conta a efectos de cualificación final da materia, o alumno/a deberá alcanzar como mínimo 3 puntos na proba mixta (puntuación máxima desta parte 6 puntos). Sen obter unha cualificación mínima de 2 puntos na parte práctica, aínda que o alumno/a se presente á proba mixta, a cualificación que obteña carecerá de valor a efectos de avaliación.

2. Criterios de puntuación e entrega dos traballos tutelados e estudos de caso

Os criterios de puntuación dos traballos tutelados e estudos de caso con presentación oral daqueles indicados polo profesor daranse a coñecer no momento no que se colguen as instrucións dos mesmos en Moodle. A entrega dos traballos tutelados e estudio de casos realizarase exclusivamente a través da plataforma Moodle (salvo indicación ao contrario por parte do profesor). O alumnado debe cumplir coa data límite de entrega establecida polo profesor. Aqueles traballos tutelados e estudos de caso entregados fóra de prazo, entregados por unha canle diferente a Moodle ou non entregados serán cualificados como "non presentados". O feito de non acudir a unha presentación oral dun traballo tutelado ou dun estudio de caso implicará tamén a cualificación de "non presentado" dese exercicio. A efectos de cálculo da nota final da parte práctica correspondente aos traballos tutelados e estudos de caso; a non presentación dalgunha das tarefas será valorada cun cero ?0?. **3. Criterios de puntuación da proba mixta:**

Os criterios de puntuación da proba mixta daranse a coñecer no momento da realización da mesma e forneceranse xunto coas cuestións expostas no exame.

4. Cualificación final da materia en 1ª oportunidade Para superar a materia en 1ª oportunidade o alumno/a debe primeiro obter como mínimo 2 puntos na parte de traballos prácticos (traballos tutelados e estudos de caso) e como mínimo 3 puntos na proba mixta. A cualificación final da materia en 1ª oportunidade consiste na suma da cualificación obtida nos traballos prácticos (mínimo 2 puntos) + a cualificación obtida no exame final (mínimo 3 puntos). No caso de que a cualificación obtida na parte de traballos en 1ª oportunidade sexa inferior a 2 puntos, o alumno/a deberá acudir á 2ª oportunidade. Para iso deberá repetir os traballos prácticos suspensos conservándose só a cualificación obtida nos traballos superados en 1ª oportunidade (colgaranse instrucións en Moodle) e deberá alcanzar como mínimo os 2 puntos requeridos nesa parte. No caso de que a cualificación obtida na proba mixta da 1ª oportunidade sexa inferior a 3 puntos, o alumno/a deberá acudir á 2ª oportunidade, debendo ademais repetir (se fose o caso) aqueles traballos prácticos que teña suspensos, xa que únicamente se conservarán para a 2ª oportunidade as cualificacións daqueles traballos calificados como superados en 1ª oportunidade (colgaranse instrucións en Moodle).

5. 2ª Oportunidade

Debe acudir á 2ª oportunidade todo o alumnado que en primeira oportunidade obtivese como cualificación final da materia ?non presentado? ou ?suspenso?. Calquera alumno/a que deba presentarse á 2ª oportunidade, independentemente de que en primeira oportunidade obtivese unha cualificación media final de traballos prácticos superior a 2 puntos (é dicir cualificación media final de traballos ?aprobado?), deberá repetir calquera traballo que en 1ª oportunidade fose cualificado como ?suspenso? ou ?non presentado?, xa que únicamente conservaranse para a 2ª oportunidade aqueles traballos cualificados cun mínimo de ?aprobado? (colgaranse instrucións en Moodle dos novos traballos a realizar).

6. Asistencia a clase

Dado que a materia segue criterios de avaliación continua, a asistencia a clase é obligatoria. Todo alumno/a que supere un 20% de faltas de asistencia a clase non xustificadas perderá o dereito para presentarse ao exame de avaliación final, e terá que presentarse ao mesmo na seguinte oportunidade.

7. Instrucións básicas para a realización de exames:

Os únicos utensilios cos que está permitido acceder ao recinto da proba son os básicos para contestar o exame: lapis, bolígrafo ou pluma, goma de borrar. Está expresamente prohibido o acceso ao recinto do exame con: a) teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo que permita comunicación a distancia e/ou de almacenamento de información; b) apuntamentos, anotacións, libros ou material similar que non fose expresamente autorizado na convocatoria do exame ou na páxina web (Moodle) da materia. A non observancia desta norma supón que se considere como realizada a proba en fraude e iso con independencia de que quen teña no recinto da proba tales dispositivos ou o material sinalado utilizáseos ou non no curso desta. O alumno/a ha de acreditar a súa personalidade de acordo con a normativa vixente. Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario" (aprobadas o 19/12/2013 e modificadas o 30/04/2014) no Art. 21.2: Considerarase como ?Non presentado? (NP) a aquel estudiante que, estando matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de



avaliación que se establecen para o curso académico. Deste xeito, será cualificado como ?Non presentado? cando: non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuran na guía docente, ou cando non se presente á proba no período oficial de avaliación. **OPCIÓN B** Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "Norma que regula ou réxime de dedicación ao estudo dúas estudiantes de grao na UDC" (Arts. 2.3; 3. b; e 4.5) (29 de maio de 2012).

Alumnado cunha asistencia/participación nas actividades de clase inferior ao 80%:

Excepto para as datas aprobadas en Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase, ao comezo do cuadrimestre, un calendario específico de datas compatibles coa súa dedicación, motivo polo cal devandito alumnado deberá poñerse en contacto co profesor da materia nos dez primeiros días do cuadrimestre no que se imparte a materia, coa finalidade de fixar o devandito calendario.

Os criterios de avaliación serán idénticos aos descritos para o alumnado con dedicación a tempo completo (Opción A), exceptuando o criterio de asistencia a clase que o caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia permítese segundo a normativa unha asistencia/participación nas actividades de clase inferior ao 80%.

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos disponíveis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, co tutor/a ADI da Facultade de Humanidades e Documentación.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2022-2023 e documentación concordante. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudantado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.

CONSECUENCIAS DA REALIZACIÓN FRAUDULENTA DE PROBAS E/OU ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

A realización fraudulenta de probas e/ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso ?0? na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para a convocatoria.

Considerarase que se comete práctica ilícita cando un alumno/a actúa para defraudar ou tentar defraudar os sistemas de comprobación avaliación do rendemento académico así como o incumprimento das normas establecidas polo profesor para a realización de traballos.

Considéranse prácticas ilícitas, con carácter meramente enunciativo, actos como os seguintes:

Copia ou utilización de calquera material desautorizado incluíndo traballos de calquera outro alumno/a.Cando un trabalho que foi realizado por ou con outros é presentado como o trabalho dunha soa persoa e tamén cando o trabalho dun alumno/a é entregado en nome doutro. Se isto ocorrese co coñecemento do verdadeiro autor do trabalho ambos os alumnos/as incorrerán nunha práctica ilícita.Utilizar traballos doutras persoas para ser avaliados, coma se fose o trabalho dun mesmo.Afirmar que se realizaron entrevistas, estudos ou calquera outra forma de investigación, que en realidade non foi levada a cabo (invención ou falsificación de datos).O plaxio, que consiste en utilizar palabras ou ideas doutras persoas e facelas aparecer como propias en calquera elemento avaliado, tamén se considera práctica ilícita. A continuación e con carácter meramente enunciativo describense varios exemplos de plaxio:

Traducir dun idioma a outro e presentar o texto como propio.Usar citas de traballos publicados ou non publicados doutras persoas, tanto se foron sacados de libros de texto, artigos, páxinas web ou calquera outro formato, a non ser que tales citas aparezan claramente referenciadas e entrecorbilladas.Introducir nos traballos textos doutros autores coma se fosen propios (cortar e pegar de webs, parágrafos de artigos, libros, etc.)Usar as palabras ou ideas doutra persoa lixeiramente modificadas ou parafraseadas para facelas parecer distintas ás orixinais.Resumir as ideas, xuízos, diagramas, gráficos, cifras ou programas informáticos doutras persoas sen facer referencia ao autor no texto e á fonte na bibliografía.Usar servizos de bancos de ensaios e outras axencias de documentos académicos na internet ou outros.Usar, sen facer referencia a iso, material baixado da internet.Volver usar materiais propios en distintos traballos ou módulos coma se fosen utilizados por primeira vez, a non ser que se obteña a autorización do departamento ou profesor do módulo.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Agnew, J (2003). Geopolitics. Re-visioning World Politics (2nd edition). London: Routledge- Chaliand,G (2004). Atlas del nuevo orden mundial. Madrid: Paidós- Copinsch, P.; Durand, M. F.; Martin, B. & Placidi, D. (2008). Atlas de la globalización. Comprender el espacio mundial contemporáneo.. Valencia: Universitat de Valencia- Cox, K. R.; Low, M. & Robinson, J. (2007). The Sage Handbook of Political Geography (1st edition). London: SAGE Publications- Dodds, K. (2019). Geopolitics. A Very Short Introduction (3rd edition). Oxford: Oxford University Press- Flint, C. (2021). Introduction to Geopolitics. London: Routledge- Flint,C. & Taylor, P.J. (2018). Political Geography World-Economy, Nation-State and Locality (7th edition). New York: Routledge- Gresh,A.; Radvanyi,J. ;Rekacewicz,P.; Samary,C. & Vidal,D. (2006). El Atlas de Le Monde diplomatique. Valencia:Cybermonde- Harvey, D (2001). Spaces of Capital: Towards a Critical Geography. New York: Routledge- Le Monde Diplomatique (2013). El Atlas. Conflictos de fronteras . Valencia:Cybermonde- Le Monde Diplomatique (2012). El Atlas. Nuevas potencias emergentes. Valencia:Cybermonde- López,L. & Benito del Pozo,P. (1999). Geografía política. Madrid:Cátedra- Martín,E.M. & López-Davalillo, J. (2017). Geopolítica. Claves para entender un mundo cambiante (2ª edición). Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces- Nogué i Font, J. & Vicente, J (2001). Geopolítica, identidad y globalización. Barcelona: Ariel- Méndez,R. (2011). El nuevo mapa geopolítico del mundo. Valencia: Tirant lo Blanc- Reinert, E.S. (2007). La globalización de la pobreza cómo se enriquecieron los países ricos...y por qué los países pobres siguen siendo pobres. Barcelona: Crítica- Sánchez, J.E. (1999). Geografía política. Madrid: Síntesis- Tertrais, B. & Papin, D. (2021). Atlas de las fronteras. Muros, conflictos, migraciones. Madrid: Ediciones Cátedra- Short, J.R. (1993). An Introduction to Political Geography (2nd edition). London: Routledge- Wallerstein, I. (1991). Geopolitics and Geoculture Essays on the Changing World-System. Cambridge: Cambridge University Press
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Agnew, J. & Toal G. (2003). <i>A Companion to Political Geography</i>. Oxford: Blackwell- Agnew, J. & Crobridge, S. (1995). <i>Mastering Space Hegemony, Territory and International Political Economy</i>. (1st edition). London: Routledge- Gray, C.S. & Sloan, G. (1999). <i>Geopolitics, Geography and Strategy</i> (1st edition). London: Routledge- Gregory, D.; Johnston, R.; Pratt, G.; Watts, M.J. & Whatmore, S. (2009). <i>The Dictionary of Human Geography</i> (5th edition). London: Wiley- Ó Tuathail G. (1996). <i>Critical geopolitics: the politics of writing global space</i> (1st edition). London: Routledge- O'Tuathail, G.; Dalby, S. y Routledge, P. (1998). <i>Rethinking geopolitics</i>. London: Routledge- O'Tuathail, G.; Dalby, S. y Routledge, P. (2006). <i>The Geopolitics Reader</i> (2nd edition). London: Routledge <p>WEBSITES WITH USEFUL INFORMATION / SITIOS WEB CON INFORMACIÓN DE UTILIDAD / SITIOS WEB CON INFORMACIÓN DE UTILIDAD ACNUR: https://www.acnur.org/es-es/materiales-publicaciones/estadisticasCIA's</p> <p>World Factbook: https://www.cia.gov/the-world-factbook/Critical Threats: https://www.criticalthreats.org/Data Banco Mundial: https://datos.bancomundial.org/EUROSTAT: http://ec.europa.eu/eurostatFAO - Food and agriculture organization of the UN: https://www.fao.org/statistics/en/FMI International Monetary Fund: https://www.imf.org/en/Nasdaq Data Link (Financial, economic and alternative datasets): https://www.quandl.com/Nation Master (Compare nations on a comprehensive range of statistics): https://www.nationmaster.com/NATO The North Atlantic Treaty Organization: http://www.nato.int/cps/en/natohq/topics_49198.htmOEC The Observatory of Economic Complexity: https://oec.world/en/home-aOECD Organisation for Economic Co-operation and Development (Stats): https://stats.oecd.org/Index.aspx?DataSetCode=REVStatista (search engine for data and statistics): https://www.statista.com/UCDP - Uppsala Conflict Data Program: http://ucdp.uu.se/UN United Nations: https://www.un.org/en/UNICEF: https://data.unicef.org/dv_indexWorld Resources Institute (environmental analysis): https://www.wri.org/dataWTO World Trade Organization: https://www.wto.org/english/res_e/statis_e/statis_e.htm</p> <p>OTHER WEBSITES WITH ADDITIONAL INFORMATION / OTROS SITIOS WEB CON INFORMACIÓN ADICIONAL / OTROS SITIOS WEB CON INFORMACIÓN ADICIONAL: Gapminder (Independent educational website non-profit fighting global misconceptions): http://www.gapminder.org/Knoema (Global decision-making data in the world): https://knoema.com/atlasOur World in Data OWID (focuses on large global problems): https://ourworldindata.org/Worldometer (Live world statistics): http://www.worldometers.info/</p>
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Xeodemografía/710G05005

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías